

CCR/Ra/Ms/

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN:

Dada conta da comunicación do Grupo Provincial do Partido PSdeG-PSOE de data 19 de xaneiro de 2024 (núm. de Rex. Web 2024002842) pola que solicita a convocatoria dun pleno extraordinario con un determinado orde do día composto por dúas mocións.

Resultando que a citada petición reúne os requisitos necesarios para elo e considerando o disposto nos artigos 46.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, 78.2 e 3 do RD 2568/86, de 28 de novembro e 16.2 do Regulamento Orgánico Provincial, e no uso das facultades que me están conferidas polo artigo 34.1.c) da lei 7/1985, de 2 de abril e 61.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

Convocar sesión extraordinaria do pleno da Excm. Deputación Provincial o día 30 de xaneiro (martes) ás 12:45 horas de acordo coa seguinte orde do día:

ORDE DO DIA

1. Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para reclamar da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra o máximo esforzo na loita contra a contaminación da costa galega provocada pola chegada de pellets plásticos.
2. Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para esixir da Deputación a licitación inmediata da primeira fase das obras da estrada EP-2702 Amoedo–Os Valos e da continuidade da reforma integral durante o actual mandato coas dúas fases restantes.

Notifíquese esta resolución a todos os compoñentes da corporación e publíquese no boletín oficial da provincia.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

